



BASES PARA A PARTICIPACIÓN NO XIX PREMIO PARA A IGUALDADE DE XÉNERO: BOAS PRÁCTICAS NA ESCOLA 2024/2025

A Área de Igualdade-CIM convoca para o presente curso 2024-2025 a décimo novena edición do **PREMIO PARA A IGUALDADE DE XÉNERO: BOAS PRÁCTICAS NA ESCOLA**.

Este premio susténtase na liña de actuación Modelos igualitarios de convivencia, do IV Plan Municipal de Igualdade do Concello de Vilagarcía, e no seu obxectivo “Favorecer a sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa, como elemento fundamental para chegar ao colectivo infantil, xuvenil e adulto.”

Obxecto

O obxecto desta convocatoria é premiar e dar visibilidade ás boas prácticas educativas nas que se traballe a prol da consecución da igualdade entre homes e mulleres, da igualdade de trato e da non discriminación por razón de identidade ou orientación sexual, da identificación e rexeitamento de estereotipos sexistas que contribúan ao mantemento da violencia machista e da incorporación de xeito transversal de valores que constrúan esquemas alternativos de socialización baseados na igualdade.

Os obxectivos do proxecto deben estar enmarcados nas seguintes temáticas:

- Promoción da participación, visibilidade e o empoderamento das mulleres, así como construción e visibilidade de novas masculinidades. Por exemplo, un proxecto relacionado con esta temática podería centrarse en visibilizar ás mulleres de Vilagarcía e poñer en valor a labor que realizan en diferentes ámbitos: social, cultural, educativo, político, etc.
- Espazos coeducativos. Por exemplo, un proxecto enmarcado nesta temática pode ter como obxectivo deseñar patios e espazos coeducativos dentro do centro educativo.
- Prevención e abordaxe das violencias machistas e/ou LGTBIQ+. Por exemplo, un proxecto centrado nesta liña pode ter o obxectivo principal de deconstruír os mitos do amor romántico.



O proxecto debe seleccionar unha das tres temáticas e elaborar un proxecto relacionado co obxectivo a traballar.

Quen pode acceder

Poderán participar todos os centros de ensino de infantil, primaria, secundaria, bacharelato, ciclos formativos, centros de educación especial e mais os centros de réxime de ensinanzas especiais e obradoiros de emprego, todos eles financiados con fondos públicos do municipio de Vilagarcía de Arousa.

As propostas poderán ser presentadas **pola dirección do centro**, por algún **departamento ou área de traballo**, por **profesorado** de xeito individual ou polas **ANPAS**, sempre que no seu proxecto estea involucrado activamente o alumnado.

O premio

En total serán tres premios destinados á mellor práctica dentro de cada categoría, valoradas entre todas as que se reciban no prazo fixado, podendo quedar deserto algún dos premios por non existir experiencias que se adecúen aos obxectivos dos mesmos.

Categoría Infantil e Primaria: 700 euros*

Categoría Secundaria e Bacharelato: 700 euros*

Categoría Ciclos Formativos, Ensinanzas de Réxime Especial ou Obradoiros de Emprego: 700 euros*

O premio irá destinado para o/s centro/s escolar/es ou ANPAs nos que se desenvolvan as boas prácticas premiadas.

Os centros premiados recibirán unha insignia de boas prácticas que poden expoñer publicamente no centro educativo e telemáticamente na súa páxina web.

Esta cantidade contabilizarase con cargo á partida 2312-48100 do orzamento da Área de Igualdade do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa quedando condicionada á existencia de crédito suficiente e adecuado nos orzamentos municipais de 2025.

*Suxeitos a minoración por IRPF segundo a porcentaxe correspondente ao exercicio 2025



Lugar e prazo de presentación

A presentación das boas prácticas para participar no premio realizarase obrigatoriamente de xeito telemático, a través da plataforma do Concello de Vilagarcía.

No caso de que por problemas técnicos non sexa posible adxuntar a ficha da memoria explicativa, a documentación solicitada ou os anexos a través desta vía, enviarase igualmente a solicitude xenérica por sede electrónica e o resto, a través do correo electrónico a **muller@vilagarcia.gal**, pen drive ou calquera outro medio, especificando no envío que se trata de documentación adxunta e presentando o xustificante de solicitude xenérica presentada por rexistro.

O prazo remata o día 30 de abril de 2025 ás 23.59h.

Non se aceptará ningunha boa práctica que non enviara o formulario de solicitude por sede electrónica antes desa data.

Documentación a presentar

Xunto co modelo 01001 de Solicitude xenérica, debidamente cuberto, deberase presentar:

- Memoria explicativa da boa práctica segundo o modelo: “Ficha XIX Premio de igualdade de xénero: Boas prácticas na escola”, facilitada pola área e que estará tamén publicada na web municipal, debidamente cuberta, na que se describirá a acción presentada segundo os apartados que se facilitan na mesma.
- Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude e da que vai a dirixir a execución do proxecto, no caso de non ser a mesma.
- Certificación expedida pola secretaría do centro, da presentación e aprobación do proxecto polo Consello Escolar ou órgano de similar categoría no caso de Ensinanzas de Réxime Especial ou Obradoiros de Emprego, tamén para as ANPAS.
- Declaración da secretaría, co visto e prace da dirección, na que se fagan constar as contías das axudas asignadas ou recibidas por outras administracións públicas, así como doutros axentes para a mesma finalidade. No caso das ANPAS, declaración da secretaría, co visto e prace da presidencia.
- Poderanse engadir como ANEXOS, calquera outra información ou material que se estimen oportunos e que completen e amplíen o que se expón na ficha: material, fotografías, vídeos, montaxes audiovisuais... ou calquera outro que se considere oportuno.



Normas de participación/Obrigas das entidades participantes

As propostas de boas prácticas que se presenten ao concurso deberán describir unha acción ou experiencia que teña como eixe principal unha das seguintes tres temáticas:

- Promoción da participación, visibilidade e empoderamento das mulleres, así como construción e visibilidade de novas masculinidades.
- Espazos coeducativos.
- Prevención e abordaxe das violencias machistas e/ou LGTBIQ+.

Non se aceptará ningunha proposta que non se adecúe á finalidade do premio.

Deberá haber unha coherencia entre os obxectivos expostos, os contidos traballados e as actividades propostas.

As experiencias propostas deberán ser orixinais, non podendo ser anteriormente premiadas noutros concursos.

A proposta será de aplicación necesariamente práctica e deberá ter comezado, aínda que non rematara, na data de finalización do prazo de presentación das propostas.

Pódense presentar tantas propostas coma o centro educativo e/ou ANPA desexen, sempre e cando reúnan os requisitos para a súa solicitude.

A memoria explicativa da boa práctica que se presente deberá axustarse á “Ficha XIX Premio de igualdade de xénero: Boas prácticas na educación”, que se facilitará dende o departamento de igualdade ou estará dispoñible na páxina web do Concello. A ficha non poderá ter unha extensión superior aos 20 folios, por unha cara e cun interliñado de 1,5.

En cumprimento do artigo 3-2 m) do Regulamento do Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vilagarcía de Arousa, os proxectos serán presentados necesariamente en lingua galega.

A información sobre as propostas presentadas poderá ser publicada ou difundida polo Concello de Vilagarcía, coa finalidade de favorecer o intercambio de experiencias con outros centros educativos. En todo caso, indicarse sempre o nome do centro/ANPA que a presentou.



Obrigas das entidades premiadas

É obriga dos centros, profesorado ou departamentos, así como das ANPAS beneficiarias e os centros de ensinanza de réxime especial, destinar o premio á realización dunha actividade de lecer para o alumnado que participou na actividade, e se non é posible, para o alumnado que se considere oportuno. Dita actividade promoverá os obxectivos deste premio.

Para xustificar dito requisito, é de obrigado cumprimento, a entrega dunha memoria da/s actividade/s realizada/s co diñeiro do premio. O prazo para entregar dita memoria remata o 30 de abril de 2026. O modelo “Memoria xustificativa do XIX Premio de igualdade de xénero: boas practicas na escola” será facilitado pola área e estará tamén publicado na web municipal.

Tramitación

A Área de Igualdade revisará os expedientes de solicitude presentados e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou errónea, requirirase á persoa solicitante para que no prazo de DEZ DÍAS hábiles a partir da data da notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude archivarase sen máis trámite.

Unha vez rematado o prazo de dez días e feitas as correspondentes achegas, remitiranse estas ó xurado, constituído a tal fin, para a súa deliberación.

A valoración das mesmas farase antes de que remate o presente curso escolar.

Xurado

O xurado estará constituído por:

- A Concelleira delegada da Área de Igualdade.
- A Concelleira delegada da Área de Educación.
- Unha representante do Consello Local da Muller e outra/o polo Consello Escolar Municipal.
- A Directora do CIM ou calquera outra profesional da área de Igualdade (que fará as funcións de secretaria, con voz pero sen voto).

O xurado poderá solicitar a colaboración doutras persoas de recoñecido prestixio ou destacadas polo seu labor nos temas relacionados coa igualdade de oportunidades



Criterios de valoración

Para a valoración das boas prácticas presentadas, avalíanse os seguintes criterios:

- Metodoloxía innovadora e creatividade no proxecto: valórase que a iniciativa presente enfoques orixinais para promover a igualdade de xénero. A utilización de metodoloxía innovadora e integradora, a reinención dos modelos tradicionais, así como a utilización de novas tecnoloxías.
- Coherencia: a concordancia das temáticas en materia de igualdade a traballar coas actividades, cos obxectivos propostos e co título do proxecto. Tamén se terá en conta a claridade.
- Participación: valórase a maior participación e implicación dos diferentes axentes socializadores, como profesorado, alumnado, familias, Anpas, entidades do terceiro sector, entre outros.
- Impacto e transversalidade: avalía a magnitude do cambio positivo acadado, tendo en conta a repercusión nos diferentes grupos da rede educativa, así como a capacidade de replicar as actividades en diferentes contextos.
- Percorrido: a capacidade do proxecto para manterse a longo prazo.
- Linguaxe inclusivo: uso dunha linguaxe que amosa unha representación equitativa e diversa, tanto a nivel verbal como non verbal.

Cada un destes criterios terá unha valoración máxima de 3 puntos.

Resolución e notificación do fallo

Unha vez finalizada a avaliación dos traballos, o xurado, a través da Área de Igualdade, elevará proposta para a concesión dos premios á Xunta de Goberno Local.

Ditas concesións serán notificadas xunto coa data e lugar do acto de entrega de premios, en todo caso, antes de que remate o presente curso escolar.

Contacto

Calquera dúbida ou aclaración poderá resolverse na Área de Igualdade do Concello de Vilagarcía nos teléfonos 986 099 200 ext. 103/109.

Asinado pola Concelleira da área na data da sinatura electrónica